



CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a provisión en propiedade de tres prazas de PÉONS DA BRIGADA CONTRA INCENDIOS en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal aprobada por Decreto da Alcaldía de data 09/05/2022, en cumprimento da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (Expte. 2023 ESTB000014),

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 10:30 horas do día 26/11/2024, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na "ACTA NÚMERO 1.- INICIO DO PROCESO SELECTIVO. DESENVOLVEMENTO DO CONCURSO DE MÉRITOS. CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL E PROPOSTA DE NOMEAMENTO."

(...) Rematada a avaliación, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes definitivamente admitidos/as a este proceso selectivo que a continuación se relacionan as puntuacións que en cada caso se indican pola fase de concurso de méritos:

Nº	Apelidos e nome	Experiencia profesional (máx. 90 puntos)	Cursos de formación e perfeccionamento (máx. 10 puntos)	Total (máx. 100 puntos)
1º	Cernadas Vilela Alberto José	35	10	45

SEGUNDO.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica) e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado da cualificación do concurso de méritos do xeito que se detalla no cadro anterior.

TERCEIRO.- De conformidade coa Base 8.3 das que rexen este proceso selectivo, contra a valoración da fase de concurso os/as aspirantes poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas ante o propio tribunal avaliador.

Para a presentación de reclamacións dispónse dun prazo de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios (sede electrónica). Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871 610, ou ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

CUARTO.- Declarar EXENTO da realización da proba de coñecemento da lingua galega á aspirante ante referida, ó ter acreditado estar en posesión do certificado CELGA 4 ou equivalente.

QUINTO.- De conformidade co referido na Base 9ª, e tendo en conta a orde de prioridade para o caso de empate na puntuación final do proceso selectivo recollido na referida Base 9ª das que rexen este proceso selectivo, a **CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL quedaría tal e como se dispón a continuación:**

1 |



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80016020D00C3L3D3B5P5C2 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 27/11/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/11/2024 14:06:40

EXPEDIENTE ::
2023ESTB000014
Fecha: 01/02/2023
Hora: 00:00
Und. reg: REGISTRO GENERAL

CSV: 07E80016020D00C3L3D3B5P5C2





CONCELLO
DE
R I B E I R A

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Orde	Aspirante	Concurso méritos	Puntuación total
1º	Alberto José Cernadas Vilela	45	45

SEXTO.- De conformidade coa Base 9ª das que rexen este proceso selectivo, e concluída a cualificación final do mesmo, procédese a realizar, condicionada ás posibles reclamacións, **PROPOSTA DE NOMEAMENTO como persoal laboral fixo do Concello de Ribeira en favor do/a aspirante ALBERTO JOSÉ CERNADAS VILELA.**

SÉTIMO.- De conformidade coa Base 9ª das que rexen este proceso selectivo, **decláranse DESERTAS dúas prazas de PÉONS DE BRIGADA CONTRA INCENDIOS**, das tres prazas obxecto da presente convocatoria, ó non resultar cubertas á finalización do proceso selectivo por non terse presentado ó mesmo un número suficiente de aspirantes.

OITAVO.- De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os acordos do tribunal cualificador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. alcalde-presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello de Ribeira (sede electrónica).

E para que conste, expido a presente certificación por orde da Presidenta do Tribunal Avaliador, en Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MARIA SIEIRA RIOS-T.A.G. SECRETARÍA - 27/11/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 27/11/2024 14:06:40

EXPEDIENTE ::
2023ESTB000014

Fecha: 01/02/2023

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

